O proceso de construcción nacional na España do século XIX

José Álvarez Junco

O LEGADO DA IDADE MODERNA

No abrente da chamada "Era dos Nacionalismos", España era unha das unidades políticas máis antigas, nunha zona de Europa na que as fronteiras eran moi fráxiles e cambiantes. A monarquía española abranguía un territorio do que os límites se mantiveran (e aínda se manteñen) case inalterables desde principios do século XVI. A unión dinástica amosara varios riscos específicos. Incluíra reinos ben definidos, dotados de lexislacións e institucións autónomas diferentes, que mesmo conservaron fronteiras aduaneiras entre eles, nunha sorte de confederación moi diferente do que hoxe considerariamos unha nación-Estado. Sen embargo, asemade os súbditos desa monarquía compartían a mesma relixión, víanse asediados por inimigos comúns cos que estaban continuamente en guerra e non escaseaban os escritos de intelectuais que evocaban unha identidade colectiva *española*[1], identidade que algúns autores cualifican de pre- ou proto-nacional, pero que eu prefiro chamar *etno-patriótica*[2].

Estes termos corresponden a un fenómeno elitista, de relevancia moi limitada pola súa pequena difusión no conxunto da poboación. O

* Este artigo publicouse por primeira vez en inglés en Clare Mar-Molinero e Angel Smith, eds., *Nationalism and the Nation in the Iberian Peninsula. Competing and Conflicting Identitites*, Berg, Oxford, 1996. Traducción ó galego de Xusto G. Beramendi.

1. Mariana, Juan de. *Historia de rebus Hispaniae*. 30 vols 1592-1605. Versión castelá publicada en Toledo en 1601.

2. Pois *natio*, verba usada na Idade Media para referirse ás persoas do mesmo lugar de nacemento e da mesma lingua, non desenvolve o seu moderno significado político ata a aparición da teoría da soberanía do pobo; en cambio, *patria*, tamén de orixe latina, relacionábase máis coa comunidade á que pertencía o individuo, e *amor patriae* era usado desde os tempos de Roma para indicar unha virtude cívica.

carácter rudimentario das comunicacións e a ausencia dun mercado cultural extenso suxire que a maioría da poboación se sentía moito máis vencellada ás súas comunidades locais que a calquera "comunidade imaxinaria" que abranguese un territorio alén das áreas próximas. E o control da Igrexa sobre as institucións educativas e os medios de comunicación accesibles ó pobo analfabeto (nomeadamente o sermón semanal) suxire tamén que a identidade relixiosa tiña máis peso social que a identidade etnopatriótica. Con todo, relixión e patriotismo estaban intimamente entrelazados, como demostraría a reacción anti-napoleónica. Podemos caracterizar esa identidade etnopatriótica española, legado do Antigo Réxime ó período da invasión napoleónica, coas catro características seguintes.

A primeira era a fusión das identidades política e relixiosa. Os súbditos do rei de España eran católicos por definición, e isto era algo aceptado tanto polos propios súbditos como polos observadores estranxeiros. Todo o discurso lexitimador do Antigo Réxime e mais o ollo sempre vixiante de institucións como a Inquisición deixaran un legado católico aparentemente indeleble. E en ningures aparece esa pegada máis rotundamente expresa que na Constitución de Cádiz, que proclamaba en 1812: "a relixión Católica, Apostólica e Romana, a única verdadeira, *é e será eternamente* a relixión de *todos os* españois".

A segunda característica era unha xenofobia moi arraigada, e principalmente anti-inglesa e anti-francesa. España estivera illada do mundo europeo, e nomeadamente do mundo protestante, desde os tempos de Felipe II; continuas confrontacións relixiosas e bélicas contribuíran a fomentar unha actitude de xenreira contra todo o foráneo. Loxicamente, o obxectivo maior desta antipatía era Inglaterra (*la pérfida Albión*), adversaria en case todas as guerras dos séculos precedentes e principal competidora nos mercados americanos. Pero, curiosamente, esta xenofobia se dirixía tamén, e case con máis intensidade, contra os franceses, malia a maior proximidade e seren aliados dos españois durante o último século por mor dos vínculos familiares entre os monarcas reinantes. O feito de que o país veciño fornecera o modelo cultural e político-administrativo que esteaba as elites españolas desde a chegada dos Borbóns alimentaba esa francofobia. Non importaba que este modelo fose adoptado por motivos "patrióticos", isto é, como medio de reforzar o Estado español e de superar os problemas asociados coa decadencia do século XVII; a súa adopción implicara erradicar ou revisar moitas tradicións herdadas (tradicións "nacionais" serían chamadas despois) como a influencia clerical, o menosprezo polo traballo manual ou a diversidade institucional dos antigos reinos. De aquí ese resentimento tan espallado que todo o considerado "francés" inspiraba nos círculos conservadores e na poboación en xeral.

O eurocentrismo era o terceiro aspecto desta identidad etnopatriótica. Tan intenso que practicamente todos os observadores fixaban o comezo da decadencia española a mediados do século XVII (pola fin da hexemonía dos Habsburgo en Europa), sen decatárense de que a Corte de Madrid continuara outro século e medio mandando sobre uns dominios americanos que constituían o imperio máis extenso do planeta. No que atinxe ó monopolio comercial, o control da métropole resultaba máis nominal que real, pero a influencia cultural e política de Castela sobre a maior parte do Novo Mundo era enorme. Porén, na retórica etnopatriótica española da Idade Moderna, o imperio americano valorábase como un compoñente menor.

A última característica deste etnopatriotismo español anterior á "Era do Nacionalismo" era o seu ton defensivo, victimista e autocompasivo. Desde principios do século XVII, nun momento no que os seus exércitos eran freados en numerosas frontes europeas, España era presentada por Francisco de Quevedo (*España defendida*, 1609) como unha persoa humilde e sacrificada que padecía os ataques de inimigos insolentes e arrogantes. E sobre todo despois do reinado de Felipe IV rara vez se representaba a nai España en termos triunfantes comparables ós da opulenta e serenísima Venecia, a orgullosa Britannia ou a pura, audaz e desafiante Marianne. No canto destas imaxes, aparecía como a *Mater dolorosa* da iconografía católica.

O NACIONALISMO ESPAÑOL NO INICIO DA ERA DO NACIONALISMO: A "GUERRA DA INDEPENDENCIA"

Os tempos modernos, as revolucións liberais e a "Era dos Nacionalismos" entraron en España co exército de Napoleón. Esta invasión ía causar moi graves problemas ó país, pero certamente non parece que ameazase a existencia do Estado nin da identidade colectiva española. Polo contrario, pode afirmarse que foi un excelente principio desde o punto de vista do proceso de *nation-building*, pois a Idade Contemporánea se inauguraba cun conflicto que se denominou nada menos que "guerra da independencia nacional", da que a significación foi magnificada polo feito de que o inimigo era non só unha potencia europea, senón xustamente aquela que servira de modelo ás elites reformistas de España e que tan grande animosidade acordara entre amplos sectores da poboación española.

A interpretación nacionalista desta guerra era unha gran simplificación, por non dicir unha terxiversación total. A intención de Napoleón non era converter a monarquía española nun territorio dependente do imperio francés, senón cambiar a dinastía reinante. Esta estrataxema nin

era allea á tradición española nin carecía de precedente, dado que o mesmo acontecera cen anos antes, e con resultados positivos segundo opinión maioritaria, e non por iso acabou nunha situación de dependencia formal respecto de Francia. Tanto os tratados asinados polos ministros de Carlos IV e Napoleón como o decreto posterior polo que o seu irmán Xosé accedía ó trono español estipulaban que os territorios da Coroa española (incluídos os americanos) permanecerían unidos, coas mesmas fronteiras que antes, e sen vínculos con ningunha outra monarquía estranxeira. Xa que logo, a guerra que comezou en maio de 1808 non implicaba a liberación dun país asoballado por unha potencia imperial e, polo tanto, non foi unha "guerra da independencia".

En realidade, o conflicto iniciado en 1808 foi un fenómeno moi complexo, que só pode entenderse se distinguimos nel varios subconflictos de diferente nivel que se potencian mutuamente. En primeiro lugar, a guerra de 1808-1814 foi sen dúbida unha guerra internacional entre as dúas grandes potencias da época: Francia e Gran Bretaña. Todas as grandes batallas da guerra, agás Bailén, foron choques entre un exército case exclusivamente francés e outro principalmente inglés e mandado por un xeneral inglés. En segundo lugar, o conflicto ten moitos elementos propios dunha guerra civil. As lealdades das elites españolas, e nomeadamente as dos intelectuais que sostiveran as reformas ilustradas das últimas décadas (como o conde de Cabarrús, Gaspar de Jovellanos, Juan Meléndez Valdés ou Manuel Quintana) estaban fondamente divididas, case partidas en dous, entre ambos bandos.

Unha axeitada comprensión do conflicto esixe tamén considerarmos os seus elementos xenófobos, anti-franceses. Como xa dixen, no decurso de toda a centuria precedente, estes escuros sentimentos foron estimulados pola influencia gala sobre a Corte española, e neste sentido o alzamento de maio de 1808 non foi senón a culminación dun século de odio. Outro dos intensos sentimentos que movían a moitos combatentes era unha visión maniquea e personalizada dos problemas políticos do momento. Nesa visión culpábase ó primeiro ministro Manuel Godoy, encarnación do Mal, de todas as doenzas que aflixían á *patria*, mentres que o herdeiro da coroa, Fernando VII, o Bo Príncipe, personificaba todas as esperanzas de rectificación e redención. Se ben era certo que o goberno de Godoy amoreara moitos desastres nos últimos anos (guerras, andacios, fames, a perda da flota en Trafalgar), a verdade era que a súa impopularidade nacía de xuízos máis morais ca políticos. Pensábase que Godoy era o amante da raíña e víase en Fernando ó fillo doente, maltratado por un pai feble e unha nai denigrante[3]. Por

3. Herr, Richard. "Good, Evil and the Spain's Rising against Napoleon", en Herr, R. e Parker, H. T. eds. *Ideas in History*. Durham, 1965, pp. 157-81.

último, a guerra anti-napoleónica contiña tamén unha protesta anti-revolucionaria de inspiración político-relixiosa. Este aspecto vén sendo moi debatido durante os case dous séculos transcorridos e en xeral é rexeitado polos historiadores liberais que desde o principio asociaron o erguemento patriótico contra os franceses coa arela de reformar as instituciòns do país, isto é, cunha protesta anti-absolutista. Pero é difícil negarmos a importancia das chamadas a defender a relixión herdada contra os invasores ateos, tan afervoadamente practicadas sobre todo polo clero rural.

Malia toda esta complexidade, a nova retórica nacionalista difundíase por Europa, e os partidarios de Fernando de Borbón en Cádiz usárona moi habilmente para borrar todos os matices da opinión e presentar a loita como unha rebelión nacional do pobo español contra o intento francés de dominalo. Uns vinte anos despois, na década de 1830, logo das guerras de independencia das colonias españolas en América, os historiadores descubriron un nome moito máis acaído para esta visión nacionalista, e bautizaron a de 1808-1814 como "Guerra da Independencia"[4], etiqueta que aínda non foi revisada.

Desde entón a "Guerra da Independencia" sería un esteo do esforzo máis ambicioso do século por construír unha mitoloxía nacionalista española. Eis os monumentos erixidos ós "mártires" do conflicto e a conversión do 2 de maio (pero non do 12 de outubro, a vinculación americana abáixase outravolta perante o eurocentrismo) en festa nacionalista. En xeral foron os liberais os que máis se esforzaron neste labor de fabricación de mitos. Dous exemplos: o propagandista republicano Fernando Garrido afirmaba que a insurrección antifrancesa fora "o acontecemento político máis importante da historia da nosa *patria*"[5]; e o maior novelista do século, Benito Pérez Galdós, adicou a esta guerra toda a primeira serie dos seus *Episodios nacionales*.

O carácter populista desta elaboración mitolóxica nacionalista (foi o "Pobo" quen salvou á patria cando as elites a abandonaron) daba especial lexitimidade ó evento no abrente do Romanticismo e a difusión do *Volksgeist*. Tamén era importante o protagonismo de cataláns e aragoneses (asedios de Girona e Zaragoza) nas heroicas proezas da nación española. Por outra parte, a loita demostraba a permanente existencia dunha identidade española: a rexa resistencia da maioría da poboación española fronte ás tropas francesas interpretábase como a reactualización do espírito heroico de Numancia e Sagunto. Este comportamento, repetido logo de dous mil anos, era unha proba dese amor sen parangón dos españois pola súa independencia, elemento do seu carácter que os capacitara

4. Álvarez Junco, José. "La invención de la Guerra de la Independencia", en *Studia Historica* 12, 1994, pp. 75-99.

5. Garrido, Fernando. *La España contemporánea*. Madrid, 1865.

sempre para derrotar ós mellores exércitos do mundo (*que no puede ser esclavo/pueblo que sabe morir*, como rezaban os famosos versos patrióticos de Bernardo López García, escritos medio século antes).

UN CAMBIO NA IMAXE INTERNACIONAL: A EMERXENCIA DA ESPAÑA ROMÁNTICA

Vista desde fóra, España experimentou tamén unha re-evaluación, en parte por mor da guerra anti-napoleónica. A idealización de España que fixo Lord Byron en 1809 (similar á das *Orientales* de Victor Hugo uns vinte anos despois), e os centos de memorias escritas por veteráns ingleses e franceses da Guerra Peninsular (nome da "Guerra da Independencia" en Francia e Gran Bretaña), xunto coa chegada a París e Londres de pinturas de Velázquez ou Murillo, unhas como resultado do saqueo das igrexas españolas polas tropas de Napoleón, outras como agasallos a lord Wellington, todo contribuíu a que se descubrise de súpeto o Século de Ouro español. Autores románticos, empezando por Washington Irving e Théophile Gautier, e voluntarios realistas que se desprazaron a España desde toda Europa durante as guerras carlistas, completarían o cadro a mediados do século XIX.

Como resultado de todo isto a imaxe de España cambiou. Non morreu a vella Lenda Negra, pero si foi re-avaliada por unhas sensibilidades europeas diferentes. Para Montesquieu, España fora exclusivamente o país da nobreza ociosa, da ignorancia, da crueldade, da arrogancia, do fanatismo e, en consecuencia, da decadencia. Para os escritores románticos, influídos ante todo pola actitude española contra os exércitos napoleónicos, España era un país de fortes paixóns, xente valente, bandidismo, sangue e sol. Case todos os personaxes eran iguais (o conquistador, o inquisidor, o aristócrata ocioso —agora convertidos en guerrilleiros, bandidos, frades carlistas, mendigos orgullosos, toureiros), pero agora representaban cousas diferentes: bravura, orgullo, dignidade, intensos sentimentos relixiosos, desprezo á morte. O epítome de todo isto é a *Carmen* de Merimée, coa que Bizet compoñería logo unha das óperas de maior éxito.

Xa que logo, este cambio tiña pouco que ver con España. De feito debíase ós novos valores morais e ás novas demandas da sociedade europea. España empezaba a ser avaliada positivamente porque ofrecía, por un lado, un *exotismo* que satisfacía a curiosidade e a necesidade das novas clases medias de consumir requintados productos culturais, unhas clases que estaban a conseguir un considerable grao de benestar. Por outro lado, España era vista como unha *sociedade premoderna*, e aquí radicaba a segunda fonte do seu atractivo. As elites intelectuais da

Francia posrevolucionaria ou da Inglaterra industrializada non estaban tan seguras dos efectos totalmente positivos do "progreso" como o estiveran os pensadores ilustrados do século precedente. O terror revolucionario, a inestabilidade política, o imperio dos valores mercantís, todo producía unha reacción crítica. Nos círculos de artistas e intelectuais estaba de moda distanciarse do cinismo moral e da mediocridade estética do "burgués filisteo"; a sociedade moderna aburríase; moitos padecían o *spleen, le mal du siècle.* España, convenientemente idealizada como paraíso aínda non contaminado pola industrialización, o crecemento urbano e o capitalismo, fornecía a imaxe dun país "leal á súa identidade": algo moi atractivo para os lexitimistas que vían nela un exemplo de fidelidade ó rei e á relixión, así como para os que tiñan saudade dunha sociedade menos politizada, baseada máis nos compromisos e nas relacións persoais que no vínculo cun Estado anónimo e burocrático; ou para os que temían un estoupido social provocado pola creba das tradicionais xerarquías sociais que seguiu á revolución industrial e ollaban con aprobación a "dignidade" e o desdén polos valores materiais das clases inferiores de España; ou finalmente para os que lamentaban a represión, os convencionalismos, o anonimato característicos das sociedades urbanas masificadas e crían atopar en España espontaneidade, ledicia de vivir, sentido estético[6].

Ningún destes viaxeiros ou observadores estaba realmente interesado en comprender a España. Guiábanos os prexuízos e preocupacións que traían dos seus países. A España que buscaban —e que naturalmente atopaban— non era máis que unha idealización, a contra-imaxe do que rexeitaban e deixaran atrás. Había unha ambivalencia verbo da modernidade, como o proba o feito de que ningún destes escritores adoptou a España en serio como *modelo* a imitar. Para eles era só un obxecto a acariciar. De aquí o malestar, mesmo a irritación, que sentían as elites locais comprometidas coa modernización do país cando escoitaban este tipo de gabanzas por parte duns visitantes que gozaban de seguridade e nivel de vida maiores nos seus países. Por iso a imaxe supostamente positiva da España romántica sempre alporizou, ou alomenos provocu escepticismo, nos españois cultos, igual que antes a Lenda Negra.

Pero había algo no que concordaban españois e non españois a mediados do século XIX: existía unha identidade española, un carácter español, un "alma" ou "esencia" española, de riscos moi ben definidos; o modo de ser español era, de feito, un dos estereotipos máis aceptados entre as identidades colectivas da Europa do momento. Este recoñecemento internacional coincidía cunha aceptación interna similar. Durante todo o século XIX ninguén contestou seriamente a existencia dunha nación espa-

6. Álvarez Junco, José. "España: el peso del estereotipo", en *Claves de razón práctica* 48, 1994, pp. 2-10.

ñola, como ninguén discutía a unidade do Estado español, nin sequera os carlistas nos anos 1830 ou os federalistas e cantonalistas de 1873.

A VERSIÓN LIBERAL DO NACIONALISMO ESPAÑOL

Da mesma maneira que noutros países europeos, as elites intelectuais, que procedían tanto das clases medias como das dirixentes, intentaron vincular os seus esfuerzos de modernización do país cun *revivalism* nacionalista. Despois da súa colaboración na resistencia antinapoleónica de 1808-1814, os liberais españois víronse obrigados a dous exilios sucesivos (1814-20 e 1823-34), nos que o seu nacionalismo inicial se reforzou cos novos modos románticos de entender as realidades sociais. Un dos indicadores desta evolución é a súa preocupación pola historia nacional, moi estimulada ademais pola publicación de historias de España escritas por autores franceses e ingleses[7]. Como vemos, os esforzos das elites españolas a prol da construcción nacional foron serodios en comparación cos doutros países. Con todo, a mediados do século XIX os intelectuais españois procuraban por todos os medios gañar o tempo perdido neste eido. A partir da obra de Modesto Lafuente en trinta volumes (1850-66), unha ducia máis de historias xerais de España apareceron antes de rematar o século. O contraste entre a demora da vaga de interese pola historia nacional no século XIX e a precocidade do etno-patriotismo español da Idade Moderna (median dous séculos e medio entre a *Historia de España* de Mariana e a de Lafuente, sen que nese tempo se publicase ningunha outra equiparable) é moi revelador da peculiar traxectoria do proceso de *nation-building* en España.

A mediados do século XIX, este interese na construcción do pasado nacional non se manifestaba só nos libros de historia. O gusto pola pintura romántica creaba tamén as imaxes dos grandes fitos do pasado. E serían estas imaxes as que pasarían ó século XX. Aínda hoxe, todas as ilustracións dos manuais escolares de historia proceden do período 1850-1900. E no plano literario, Benito Pérez Galdós empeza a publicar en 1882, e con grande éxito, a súa serie de novela histórica, *Episodios nacionales*, na que repasa as conmocións políticas do século XIX a partir da "Guerra da Independencia". O seu protagonista é sempre o *pueblo* español, víctima inocente dos malos gobernantes e única esperanza para a redención do país.

A premisa básica destes historiadores liberais era que España encarnaba un substantivo carácter nacional que sobrevivira a todas as vagas

7. Durham, Samuel Ashley. *History of Spain and Portugal.* 3 vols., Londres, 1832-1833. Romey Charles. *Histoire d'Espaghe depuis les premiers jours jusqu'à nos jours.* París, 1838-1851.

de invasores desde tempos inmemoriais. Esta nación idealizada acadara o seu cénit na Idade Media, cando os "españois", porfiando nunha batalla máis por preservaren a súa identidade fronte a unha invasión estranxeira, instituíran unha sociedade caracterizada pola participación popular, a tolerancia, a diversidade rexional e local e as limitacións ó poder rexio expresadas nos *fueros*. Estes autores adoitaban presentar á Coroa en termos favorables, na medida na que unificara a nación futura e se opuxera ó poder fáctico e arbitrario da nobreza, se ben os Reis Católicos, arquitectos finais da "unión nacional", non escapaban totalmente ás críticas dos liberais máis radicais debido á creación da Inquisición e á expulsión dos xudeus. Esas críticas subían de ton á hora de xulgaren os dous séculos de goberno da dinastía "estranxeira" dos Habsburgo. Carlos V abolira as liberdades castelás esmagando a revolta das Comunidades en 1521 e embarcara a España en guerras dinásticas que levaron o país á bancarrota. Os historiadores liberais ennegrecían a figura de Felipe II cos mesmos trazos que os protestantes, os seus inimigos xurados; incluso os autores máis moderados subliñaban a súa severidade, a súa intolerancia relixiosa, o seu desprezo polos *fueros* de Aragón e os graves danos comerciais e intelectuais que deparou á nación a súa vontade de illala do resto de Europa para evitar o contaxio protestante. Culpábase a Felipe III dos negativos efectos económicos da expulsión dos mouriscos. Seu fillo, Felipe IV, entregárase cegamente á ambición despótica do seu favorito, o conde-duque de Olivares, e ademais atacara as liberdades catalás. O incapaz Carlos II simplemente recolleu a triste colleita das políticas dos seus[8].

A finalidade principal desta producción historiográfica era sentar as bases do Estado liberal, que emprendía un programa de modernización social e política do país. A idea básica era que a historia permitía representar a nación emerxendo lentamente e afirmándose no territorio dun Estado soberano. Mediante a historia era posible tamén captar a "esencia" da nación, o "espírito nacional", a súa civilización distintiva, resultado dunha historia, unha cultura e un perfil xeográfico únicos, e da que derivaba un corpus de normas morais para a vida individual e colectiva. Esta lección estaba destinada a ser ensinada nas escolas, de modo que os españois se sentisen orgullosos e partícipes de todas as glorias da contribución do seu país á humanidade. Este proceso de socialización nacional tiña ademais propósitos máis prácticos: o primeiro, lexitimar a construcción dunha nación-Estado, pretendidamente fundada por vez primeira polos visigodos e restaurada despois polos Reis

8. Tapia, E. de. *Historia de la civilización española*. 4 vols., Madrid, 1840. Cortada, Juan. *Historia de España, dedicada a la juventud*. Barcelona, 1845. Terradillos, Ángel María. *Prontuario de Historia de España*. Madrid, 1848. Castro, Fernando de. *Resumen de historia general y de España*. Madrid, 1850-1863 (1852).

Católicos, pero que en realidade se estaba construíndo daquela, no século XIX, xusto mentres se fabricaban estes productos intelectuais; o segundo, a difusión e ampla aceptación dos novos valores sociais coincidentes co programa liberal.

ATRANCOS Á NACIONALIZACIÓN DO PAÍS

Varios son os factores que bloquearon o éxito do proceso de nacionalización emprendido polas elites liberais. O principal foi a aguda crise política que sufriu o Estado español durante a maior parte do século XIX. A súa lexitimidade foi continuamente cuestionada alomenos entre 1808 e 1875, con alternancias entre revolución liberal e autocracia, entre unha dinastía e outra, entre monarquía e república.

No plano internacional, España pasou a ser unha potencia de terceira fila logo da destrucción da súa armada en Trafalgar e a perda ulterior de case todo o imperio americano. Aínda que a idea da "decadencia" española cobrou vixencia xa a mediados do século XVII, o país continou século e medio sendo unha primeira potencia que participou en *todas as* guerras importantes de Europa. Foi a perda do imperio no primeiro cuarto do século XIX o que marcou a saída de España do escenario europeo. Desde 1814 ata hoxe, España non participou en *ningún* gran conflicto europeo. O país non tivo que facer fronte a ningunha ameaza externa, non tivo inimigos internacionais e só librou unhas poucas e breves guerras coloniais que, por certo, moi poucas veces foron motivo de orgullo. En consecuencia, España non experimentou nada semellante á guerra franco-prusiana ou ás dúas Guerras Mundiais do século XX. Non houbo masas chamadas ás armas e nas que se inculcase fervor patriótico; non se ofreceu a grandes sectores sociales unha ampliación dos seus dereitos electorais e benestar social a cambio do apoio ás súas respectivas patrias. Ningún destes procesos de "nacionalización de masas" [9] tivo lugar en España, sinxelamente porque as décadas anteriores e posteriores a 1900, cando outras potencias europeas estaban no apoxeo do seu poder, se expandían e conquistaban o mundo, coincidiron coa impotencia e a crise política permanente de España. Claro que esa mesma neutralidade, que aquí consideramos unha "oportunidade" perdida para o *nation-building*, probablemente foi a que permitiu a sobrevivencia como Estado desa monarquía española tan debilmente integrada.

Por outra parte, o Estado español padecía unha débeda crónica, que empezara a acumularse no século XVIII por mor das onerosas guerras

9. Mosse, George. *The Nationalization of the Masses. Political Symbolism and Mass Movements in Germany from the Napoleonic Wars to the Third Reich*. Nova York, 1975.

de Carlos III e Carlos IV contra Gran Bretaña. A situación agravouse cos devastadores efectos da guerra napoleónica, a destrucción da Armada en Trafalgar e a perda ulterior do Imperio americano. Os anos 1830 trouxeron a peaxe da catastrófica Primeira Guerra Carlista, parcialmente financiada co recurso, un tanto á desesperada, da desamortización eclesiástica. Contra 1840, un tercio do presuposto destinábase a pagar os intereses da débeda pública e o Estado foi incapaz de liberarse desta carga durante o resto do século. Como consecuencia disto os gobernos víronse impotentes para influír na economía ou levar a cabo verdadeiras políticas económicas. Os recursos só chegaban para pagar a nómina do exército e duns poucos funcionarios civís e os gastos da Casa Real. Neste sentido, o Estado non podía escapar ó ciclo "extracción-coerción", típico da Idade Moderna europea. Non sorprende que non inspirase sentimentos de identificación nin que España se convertese no país do anarquismo.

Á parte dos magros recursos que o Estado podía reunir para o proceso de nacionalización, un segundo atranco crucial era o tépedo interese dos gobernantes por este labor. Ó contrario que outros Estados europeos de similar antigüidade —nomeadamente Francia durante a III República— as autoridades españolas amosábanse moi apáticas perante os esforzos das elites intelectuais por crearen unha identidade nacional. O patriotismo saíra a escena a principios de século vinculado á revolución liberal, e durante décadas a idea de *patria* parecía en conflicto aberto coa de monarquía. A mediados de século os gobernantes seguían ignorándoa ou como moito usábana coa boca pequena. Agás moi breves períodos, os gobernos representaban a coalición oligárquica da nobreza terratenente cunha burguesía recén enriquecida, e ollaban con temor calquera nacionalismo que implicase unha mobilización e participación masivas e unha nova educación cívica que puidese afastar os individuos da tradición, a familia, a provincia e a relixión. Por iso, no canto de abriren a caixa de Pandora do nacionalismo, os dirixentes españois preferiron seguir confiando nunha lexitimación do poder de índole tradicional, relixioso-dinástica.

De aquí a pouquedade dos esforzos por penetrar na sociedade e no territorio mediante as institucións do Estado, por construír unha identidade nacional e actualizar a monarquía preexistente para facela representativa desa identidade[10]. As declaracións chauvinistas e as eclosións patrióticas esporádicas non podían acochar o feito da escasa asunción social do nacionalismo. O recrutamento obrigatorio para servir á *patria* topou cunha evasión ou deserción moi amplas nas clases inferiores e

10. Núñez Seixas, Xosé M. "Questione nazionale e crisi statale: Spagna, 1898-1936", en *Richerche Storiche.* Vol. 24, nº 1, 1994, pp. 87-117. Riquer, Borja de. "La débil nacionalización española del siglo XIX", en *Historia social* 20, 1994, pp. 97-114.

con exencións de privilexio nas superiores. Estas últimas, promotoras iniciais da retórica nacionalista, non acudían á chamada do seu país e preferían manter en casa os seus fillos e os seus cartos. Agás nos sectores directamente vinculados ás burocracias central e militar, o servicio ó Estado non ocupaba un lugar importante na escala de valores das familias españolas de clase alta ou medio-alta, a diferencia da forte tradición militar de Alemaña ou do ideal do funcionariado civil en Francia. En España, o Estado era visto como patrimonio dos chamados a servilo. Os propios gobernantes, co seu sistema de recrutamento inzado de exencións, enviaban a nidia mensaxe de que o "servicio á *patria*" non era unha honra, senón unha carga que debían soportar as clases inferiores. E estas, naturalmente, non amosaban o menor entusiasmo por tan patriótica encomenda[11].

Ademais da carencia dun servicio militar autenticamente universal, os gobernos españois ata a segunda metade do século non foron capaces de crear un sistema educativo estatal, por outra parte sempre ineficaz e moi mal financiado. Nin sequera as diferentes forzas políticas chegaron a un acordo verbo dos símbolos nacionais. España non tivo bandeira ata 1843, e carlistas e republicanos opuxeron a esta bandeira nacional outras nas guerras civís posteriores ata 1939. O goberno ergueu moi poucos monumentos patrióticos e as glorias nacionais a penas foron ensalzadas con nomes de rúas ou con placas conmemorativas. Ata a guerra hispano-norteamericana de 1898 non houbo himno nacional, e daquela foi necesario improvisar a *Marcha de Cádiz*, un pasodobre badoco, como himno de batalla para o conflicto. O himno actual, a *Marcha Real*, foi adoptado xa no século XX e de modo informal. Derogado logo pola República, restableceuno Franco, se ben modificándoo para introducir notas do carlista *Oriamendi* e do falanxista *Cara al sol*.

A DERIVA DO NACIONALISMO ESPAÑOL CARA Ó CONSERVADURISMO

Durante a segunda metade do século XIX, os pensadores católico-tradicionalistas percibiron a importancia da nova retórica nacionalista e empezaron a elaborar un canon patriótico oposto á versión liberal. No eido da historia, este labor adoitou ser obra de clérigos, polo que herdou moitos riscos das vellas historias da Igrexa, agora mesturados con elementos nacionalistas. Os seus inicios poden datarse nos anos 1860, cando Víctor Gebhardt publicou a súa *Historia general de España*[12], se-

11. Sales, Nuria. *Sobre esclavos, reclutas y mercaderes de quintos.* Barcelona, 1974. Serrano, Carlos. *Le tour du peuple.* Madrid, 1987.

12. Gebhardt, Víctor. *Historia general de España y de sus Indias desde los tiempos más remotos hasta nuestros días.* 7 vols. La Habana e Madrid, 1861-1864.

guida doutras de autores menos prominentes[13], serie que culmina co famoso compendium de Marcelino Menéndez y Pelayo en 1882.

O denominador común destas historias era o catolicismo —ou, para sermos máis exactos, a "unidade católica"— entendido como "fundamento" da nacionalidade española e da lexitimación da institución política nacional por excelencia: a monarquía. Como dicía un destes autores, se "a monarquía e o clero [son] as dúas luminarias postas polo Altísimo no firmamento", de ter que elixir entre eses dous corpos celestes, non había dúbida cál tiña prioridade. Nada máis alporizante para estes autores que a intromisión das autoridades civís no mundo eclesiástico. A invasión musulmana de España, por exemplo, era vista como un "castigo divino" polos pecados dos derradeiros reis visigodos nos seus odiosos intentos de mandar sobre os poderosos bispos: "e así desapareceu a nación española no momento no que foi atacada a divina liberdade da Igrexa" [14]. Afirmábase que o cénit desta unión do Altar e o Trono producírase nos reinados de Recaredo (pola súa conversión ó catolicismo, abxurando da herexía arriana), de Fernando III (conquistador de Córdoba e Sevilla, e de aí que fose San Fernando), dos Reis Católicos, e sobre todo dos monarcas Habsburgo, "reis nos que cada acto estaba subordinado á relixión, á que sometían a vida social e á que defendían perante o mundo como xenuínos porta-estandartes do Catolicismo". Gracias a estes reis, España acadou o seu apoxeo político, "favorecida por invisibles gardiáns". En cambio, "a raza Borbón", como dicían dous autores en clara ofensa á dinastía reinante, puxo fin ás "políticas españolas xenuinamente cristiás, [porque] baséabanse na distinción sofista entre política e relixión [e] só procuraban intereses mundanos". Por iso dicían de Carlos III, o rei regalista e ilustrado, que "abriu temerariamente as portas do reino á revolución[15]. Esta xenreira conservadora contra os Borbóns era simétrica á antipatía dos liberais contra os Habsburgo. Eis sen dúbida unha das divisorias maiores entre a historiografía liberal e a católico-conservadora.

Menéndez y Pelayo, nos seus coñecidos comentarios, expresou o mellor resumo da posición nacional-católica: "Probablemente non estamos destinados a formar unha Gran Nación pola terra na que vivimos, nin pola nosa raza, nin polo noso carácter [...]. Só a relixión común pode fornecer a un pobo a súa vida propia, a conciencia dunha forte

13. Belmar, Francisco Saturnino. *Reflexiones sobre la España, desde la fundación de la monarquía hasta el fin del reinado de San Fernando.* Madrid, 1861. Sánchez Casado, Félix. *Prontuario de historia de España y de la civilización Española.* Madrid, 1867. Merry y Colón, Manuel. *Elementos de historia crítica de España.* Sevilla, 1873. Merry y Colón, Manuel e Merry y Villalba, A. *Compendio de historia de España.* Sevilla, 1889.

14. Belmar, Francisco. *Op. cit.*, pp. 22-31.

15. Merry y Colón, M. e Merry y Villalba, A. *Op. cit.*, pp. 146, 181, 190.

unanimidade; só a relixión pode lexitimar e fundamentar as leis [...]. Sen un Deus común, un altar común, sacrificios comúns, sen rezar ó mesmo Pai e sen renacer nun sacramento común, ¿como pode un Pobo ser grande e forte? [...]. A Cristiandade deu a España a súa unidade [...]. Gracias a ela, fomos unha Nación, mesmo unha gran nación, e non unha multitude de individuos"[16].

Na seguinte táboa resumo as diferencias entre as versións míticas de conservadores e liberal-progresistas sobre o pasado nacional:

Historias nacionais de España	Apoxeo	Decadencia	Ideal Redentor
Liberal-progresista	Idade Media: Cortes, *fueros*, concellos urbanos democráticos Tolerancia relixiosa	Habsburgo: absolutismo estranxeiro Represión das Comunidades de Castela Supresión de *fueros* locais	Liberdade, democracia (federalismo nalgunhas versións)
Nacional-católica	Recaredo Fernando III Reis Católicos Felipe II Contrarreforma Concilio de Trento Teatro místico e teolóxico do Século de Ouro Guerras anti-islámicas Hexemonía europea dos Habsburgo	Século XVII: "febleza" dos derradeiros Habsburgo Século XVIII: reformismo borbónico "antiespañol" Século XIX: revolucións, deriva a-relixiosa	Unidade "en todas as frontes" (política, relixiosa, lingüística, racial) Monarquía forte (sen intromisións en asuntos relixiosos)

16. Menéndez y Pelayo, Marcelino. *Historia de los heterodoxos españoles.* 2 vols., Madrid, 1967 [1882].

Estas visións encontradas da identidade nacional produciron ó cabo unha sorte de versión sincrética, dominante a finais do século nos libros de texto sobre historia. Estes empezaban normalmente cunha autocompracida *Laudes Hispaniae*, segundo a cal a Península Ibérica era unha farturenta expresión da divina preferencia polos seus habitantes: clima temperado, campos férteis, ríos caudalosos, grans de toda caste, froitos suculentos, viños exquisitos. Este paraíso era fogar dunhas xentes que tanto os liberais como os conservadores retrataban leais á súa identidade tradicional e celosas defensoras da súa independencia fronte a calquera contaminación foránea. Os numantinos —ou mellor, os "españois en Numancia"— demostraron o heroísmo da raza. Séneca certificaba o estoicismo inherente ó carácter nacional. A loita de oito séculos contra os musulmáns era a reacción natural dun pobo orgulloso e independente contra as invasións estranxeiras; co significado engadido de ser ademais, como outras guerras contra turcos e protestantes, proba da lealdade intrinsecamente española á súa relixión. Esta afervoada adhesión á súa auténtica personalidade fora confirmada recentemente, en Zaragoza e Girona, cando Napoleón ousara despertar o "fero león ibérico".

Estes retratos da identidade nacional podían abondar para encher os manuais escolares e os editoriais do 2 de Maio, pero ó cabo conducían a unha axenda política conformista. Pois, logo de garantida a independencia, ¿que outras grandes metas ficaban? Esta teimosa glorificación dunha independencia xa conseguida e non ameazada revelaba a carencia dun programa nacional dinámico. No eido internacional, non era unha ideoloxía mobilizadora porque só se identificaba con proxectos moi limitados (como a guerra de Tetuán de 1859-60) que, ademais, os gobernos a penas procuraban popularizar. Tampouco non había sentimentos nacionalistas asociados con disputas de fronteiras ou coa construcción dun Estado ibérico unitario. No interior, o vencello entre nacionalismo e revolución liberal tendía a esvaerse a mediados de século, despois da derrota do carlismo e do compromiso acadado coa Igrexa e coa oligarquía (se ben reaparecería un novo vínculo entre nacionalismo e reforma interior nos movementos rexeneracionistas posteriores a 1898). A finais do século XIX, o papel máis significativo que lle quedaba ó nacionalismo español era o puramente reaccionario de servir de ideoloxía unficadora de todos os adversarios da revolución (liberal ou social) e, no século XX, das autonomías catalana e vasca.

O REFUXIO DAS FRUSTRADAS ELITES MODERNIZADORAS NUN MITO POPULISTA, ANTICLERICAL E ESCATOLÓXICO

Fracasados os seus esforzos de "nacionalizar as masas" e de modernizar o país, as elites intelectuais españolas centráronse na batalla cultural, librada basicamente contra a Igrexa, á que presentan como enimiga por definición dun pobo español idealizado. Seguindo os mitos creados durante a guerra napoleónica, e rompendo coa tradición elitista do século XVIII, o pobo vén representar agora a verdadeira forza moral e física da nación, o factor que determina o seu carácter e os seus costumes, moi en sintonía coas novas ideas románticas do *Volk*. Malia o feito de que o pobo español, e sobre todo as masas rurais, non apoiou a revolución liberal (e mesmo as masas urbanas, cando a apoiaron, fixérono dun xeito violento e irracional, como nos motíns anticlericais de 1834-1835), as elites políticas e intelectuais esperaban outra intervención semellante á de 1808 contra os "usurpadores da liberade da Patria". Abondaría con "despertaren" ó pobo, o Heroe, aletargado baixo os efectos das drogas de frades e cregos.

Nesta mitoloxía populista na que as elites modernizadoras baseaban o seu programa político, ó clero católico correspondíalle o papel de antagonista do "Pobo" (un personaxe sen o que sería imposible unha épica). Liberalismo e anticlericalismo ían case automaticamente unidos nas actitudes desas elites. Culpábase á Igrexa Católica de todos os males pasados e presentes do país. Alegoricamente o clero era o *Dragón*, que gardaba na súa caverna o elixir (ciencia, coñecemento) que o Heroe precisaba para coller forzas e poñer no trono a súa Dama, a República. As descricións do clero salientaban a súa *estraña conducta sexual* (un tópico moi querido pola prensa de esquerda), ou ben o seu carácter de *secta* con inmensos e ocultos poderes (visión idéntica á dos xudeus polas dereitas europeas). A crítica da Igrexa encadrábase así nuns parámetros *nacionalistas e apocalípticos*. Víase no clero o gran impedimento para unha solución rápida, case máxica, do problema nacional. Non só se apoñía a ese clero o fracaso colonial, senón *todos* os fracasos nacionais. A historia toda de España veríase libre de calquera recordo desgraciado se a Igrexa non tivese existido, pois todos eses episodios negativos se relacionaban coa súa dominación tiránica e porque as prédicas e o poder do clero difundiron a febleza e a feminidade, que minaron os valores patrióticos e guerreiros da sociedade. "O fanatismo relixioso nunca produce heroes"; por esta razón, España está "envilecida pola súa submisión ó sacerdote, acovardada no seu medo ó inferno". "Isto explica por qué no decurso dos séculos a nosa riqueza foi dilapidada, o noso chan despoboado e o noso carácter debilitado"[17].

17. Álvarez Junco, J. "Alle origini dell'anticlericalismo nella Spagna degli anni trenta", en Di Febbo, Guiuliana e Natoli, Claudio. *Spagna anni trenta. Società, cultura, istituzioni*. Milán, 1993, pp. 193-212.

O único antídoto coñecido contra este veleno estupefaciente, espallado polo clero entre o pobo, era a ciencia e a educación; o mestre de escola erguíase como o antagonista natural do crego. Os intelectuais presentábanse así como unha sorte de Merlín que tiña a mediciña (cultura) que acordaría a este durminte Heroe (o pobo) e o rescataría das poutas do Dragón (a Igrexa, coas súas ensinanzas velenosas). Por suposto, isto reflectía dalgunha maneira a batalla pola educación e nacionalización das masas que tiña lugar no país, pero facíao con falta de realismo e cun forte regusto populista, irreal e moralizante, non moi diferente do modelo *narodniki* ruso.

A importancia desta construcción mítica púxose de manifesto en 1898. A desastrosa actuación internacional do Estado español nese ano pechou o século XIX e provocou unha dramática reacción interna. Un dos laios típicos daquela era a relativa indiferencia con que as clases populares viviron a crise nacional. Pero isto era de esperar, dadas as eivas na socialización das clases inferiores nunha identidade nacional. Só as elites políticas e intelectuais que se esforzaran en impulsar o proceso de *nation-building* acolleron a independencia das últimas colonias como unha perda persoal: periodistas, escritores, políticos, avogados, profesionais. Pero era xusto nese momento cando as elites intelectuais se exercitaban no seu recén adquirido poder de facedores de opinión (como se estaba comprobando de modo tan memorable en Francia co *affaire Dreyfus*), e de feito conseguiron convencer a todo o mundo de que "o país" estaba nunha crise mortal. Os aspectos míticos do nacionalismo progresista explican tamén a inesperada viraxe anticlerical da crise de 1898. Os anos 1898-99 presenciaron a vaga anticlerical máis importante da historia contemporánea de España.

CONCLUSIÓN

A conclusión xeral a tirar do que antecede é que os procesos de "nacionalización de masas", que adoitan estudiarse en relación coas novas nacións-Estado formadas no século XIX, como Alemaña e Italia en Europa, ou cos países de inmigración masiva como Arxentina ou os EE UU fóra de Europa, eran igualmente necesarios nas vellas monarquías tradicionais europeas se querían sobrevivir como modernas nacións-Estado. Un exemplo de éxito destes procesos de etnicización é, por suposto, a Francia republicana[18]. Fracasos ben coñecidos témolos nos imperios Austro-Húngaro e Otomano. España é un caso intermedio: unha antiga monarquía tradicional que sobrevive, pero nunhas circunstancias

18. Weber, Eugenio. *Peasants into Frenchmen. The Modernisation of Rural France, 1870-1914*. Stanford, 1976.

políticas e económicas que inducen un esforzo feble e insuficiente na nacionalización de masas. No século XX, as forzas conservadoras emprenderían por fin unha política decidida de nacionalización... pero demasiado tarde. As elites foran atraídas xa, ben pola revolución social, ben por outros nacionalismos. E a relación entre "españolidade" e carácter serodio, así como o seu vencello ulterior con dictaduras militares, déronlle un sabor amargo ós símbolos e á idea de España. Aquí está, na miña opinión, a raíz dos problemas do presente.

J. A. J.